

PREGUNTA DE AER SOBRE SANEAMENTO EN SOUTOXUSTE

PLENO 12 DECEMBRO 2014. ACTA 18/2014

Que problemas existen co saneamento no barrio de Soutoxuste no Viso, como se lles vai dar solución e cando os veciños poderán empezar a realizar os enganches das súas vivendas?

O concelleiro Sr. Álvarez Ballesteros indica que os veciños xa poden facer o enganche cando o consideren oportuno.

O 21 de outubro de 2014 entregamos o seguinte rexistro (a instancia duns veciños):

Coñecidos os problemas dos veciños para conectarse ao saneamento na zona de Soutoxuste, despois de que o concelleiro de medio ambiente dixera que estaba todo solucionado, Solicitamos:

- *Coñecer se os veciños pódense conectar ao saneamento*
- *Prezo da taxa municipal.*

Esta foi a resposta do departamento de medio ambiente vía correo electrónico:

En relación coa súa consulta sobre o saneamento en Soutoxuste, informámoslles de que a infraestrutura está rematada, pendente de que se determine a solución técnica máis apropiada para a realización das acometidas. Respecto da taxa municipal, segue sendo a mesma que está dispoñible no apartado de novas da web municipal.

Un saúdo. O departamento de medio ambiente.

O primeiro que temos que resaltar é que vostede, Sr. Álvarez Ballesteros, na súa resposta á pregunta realizada por AER en xullo de 2013 mentiu. Mentiu cando afirmou que os/as veciños/as xa podían facer o enganche. Mentíunos a nos, o pleno, a toda a veciñanza en xeral e á de Soutoxuste, que nos consultou especialmente.

Lembrámoslle que a primeira reclamación destes veciños por rexistro é do 31/12/2012.

Case tres anos despois da primeira reclamación, imos volver sobre este tema e preguntamos:

Atoparon xa a solución técnica máis adecuada, en que data poderanse empezar a facer os enganches?. Pregámoslle que esta vez non falte á verdade.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que non mente nin agora nin antes, xa que os veciños poden enganchar cando queiran aínda que economicamente non queiran porque lles resulta caro.